

HISTORIA DE ESPAÑA

O exame consta de 4 preguntas de 5 puntos, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como queira. Se responde máis preguntas das permitidas, **só se corruxirán as DÚAS primeiras respondidas**.

PREGUNTA 1. RESPONDA OS DOUS APARTADOS SEGUINTE:

1.1. Defina brevemente catro dos oito termos: (0,5 puntos por definición)

1. Guerras cántabras, 2. Mozárabe, 3. Gran Armada, 4. Motín de Esquilache,
5. Pronunciamento, 6. Encasillado, 7. Desastre de Annual, 8. Brigadas Internacionais.

1.2. Desenvolva un dos catro temas:

- 1.2.1. O Neolítico: características e cambios con respecto á época Paleolítica. (3 puntos)
- 1.2.2. Os musulmáns na Península Ibérica. (3 puntos)
- 1.2.3. A nova monarquía dos Reis Católicos. (3 puntos)
- 1.2.4. Economía e sociedade na Galicia dos Austrias. (3 puntos)

PREGUNTA 2. ELABORE UNHA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DOS TEXTOS PROPOSTOS.

Os seguintes textos deben permitirle facer unha redacción sobre o movemento obreiro. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debe atender cando menos á expansión do movemento obreiro no Sexenio, á crecente influencia da AIT e aos principios defendidos polas ideoloxías obreiras anarquista e socialista. (5 puntos)

Doc. 1. Mensaxe enviada polas asociacións obreiras de Cataluña ao Terceiro Congreso da Asociación Internacional de Traballadores de Bruselas en setembro de 1868:

“Encadeadas despois de longo tempo por un poder despótico, as sociedades obreiras de España envían un saúdo cordial ós seus irmáns do resto de España. O momento presente non é moi favorable ás asociacións. Non obstante [...] en Cataluña e en Andalucía as asociacións obreiras desenvólvense pouco a pouco [...]. Os obreiros españois están dispostos a loitar cos seus irmáns contra esa formidable asociación do Exército, do Trono e do Altar, para establecer ao fin, sobre bases sólidas, a paz, a xustiza e o traballo”.

Doc. 2. Manifesto da Federación Rexional Española aos traballadores españois, Madrid, 31 de xaneiro de 1872.

“O noso lema non pode ser máis claro nin terminante:

NON MÁIS DEREITOS SEN DEBERES; NON MÁIS DEBERES SEN DEREITOS

Ou noutros termos: O QUE QUEIRA COMER QUE TRABALLE

Este é o socialismo que proclama a Internacional, cuxas dúas afirmacións principais son: en economía, o colectivismo; en política, a anarquía. O colectivismo, é dicir, a propiedade común dos instrumentos do traballo, utilización dos mesmos polas colectividade obreiras que os fagan directamente producir, e propiedade individual do froito íntegro do traballo de cada cal. A anarquía, é dicir, a abolición dos gobernos, ou sexa a súa conversión en simples administradores dos intereses colectivos”.

Doc. 3. Informe da agrupación socialista madrileña ante a Comisión de Reformas Sociais, 1884.

“Queredes de boa fe favorecer a clase traballadora? Recoñecédelle os dereitos políticos; permitídlle a libre emisión das súas ideas, a asociación en defensa dos seus intereses, a libre acción política, nunha palabra. Reservádevos en boa hora, o dereito de manter pola forza a orde pública. Nós, que sabemos que toda revolución vai precedida dunha evolución máis ou menos rápida, pero sempre longa, coidaremos de non vos dar o gusto de que resolvades pola forza o que non podedes alcanzar coa razón. Quedaremos citados para a batalla final. Entre tanto, viviremos dentro da legalidade, limitada só pola necesidade da orde pública; loitaremos pacificamente na prensa, nos comicios, nas asembleas. Compararemos pacificamente intereses con intereses, doutrina con doutrina. Veremos cales triunfan na opinión pública, na conciencia social”.

PREGUNTA 3. ELABORE UNHA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DOS TEXTOS PROPOSTOS.

Os seguintes textos deben permitirle facer unha redacción sobre as grandes reformas da II República. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debe atender cando menos ás causas da reforma militar, educativa e agraria, ao seu desenvolvemento e efectos. (5 puntos)

Doc. 1. Lei de Retiro da Oficialidade, 25 de abril de 1931:

“A proposta do Ministro da Guerra, o Goberno provisional da República decreta:

Artigo 1º. Concédese o pase á situación de segunda reserva, co mesmo soldo que gocen no seu emprego da escala activa, a todos os Oficiais xerais do Estado Maior xeneral, aos da Garda civil e Carabineiros, e aos dos Corpos de Alabarderos, xurídico militar, Intendencia, Intervención e Sanidade [...] que o soliciten do Ministerio da Guerra dentro dos trinta días seguintes ao da publicación deste Decreto.

Artigo 2º. Concédese o paso á situación de retirado, co mesmo soldo que gocen actualmente no seu emprego, e calquera que sexan os seus anos de servizos, a todos os Xefes, Oficiais e asimilados, así en situación de actividade como na de reserva retribuída das distintas Armas e Corpos do Exército [...], que o soliciten do Ministerio da Guerra dentro do prazo sinalado.

Doc. 2. Informe sobre as *Misións Pedagóxicas*:

“A Misión desenvolve o seu programa en forma de reunións culturais públicas na escola, noutra sala ou na praza e a horas compatibles co traballo local, nunha ou varias sesións diarias, desenvolvendo en charlas sinxelas amplos temas de interese xeral humano, [...] audicións musicais comentadas, e conferencias e conversacións sobre educación cidadá, desenvoltas á marxe de toda intención partidista, nun plano de limpeza, co fin primordial de difundir ideas acerca da cultura política actual, o espírito da República e o coñecemento da Constitución. Paralelamente a esta actuación cultural, a Misión cumpre outra finalidade estritamente pedagóxica: visita as escolas, desenvolve cos nenos leccións, cantos, xogos, excursións, en colaboración cos mestres”.

Doc. 3. Balance da reforma agraria segundo o enxeñeiro agrónomo Pascual Carrión, un dos seus promotores:

“Ata o 31 de decembro de 1933, é dicir, quince meses despois de ser promulgada a *Lei de Reforma Agraria*, só se ocuparon 24.203 hectáreas nas que se asentaron 2.500 campesiños, cantidade como vemos insignificante á beira dos plans que propuxo a comisión técnica de asentar de 60.000 a 75.000 campesiños anualmente que, nos dous anos transcorridos desde a presentación do proxecto, debían colocar polo menos 150.000 campesiños. [...] Como vemos, o labor realizado foi moi modesto e nin sequera se ocupou gran parte das leiras dos grandes de España, que sumaban 562.528 hectáreas”.

PREGUNTA 4. ELABORE UNHA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DOS TEXTOS PROPOSTOS.

Os seguintes textos deben permitirle facer unha redacción sobre a consolidación da democracia. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debe atender cando menos ás causas do golpe de estado do 23-F, os factores que favoreceron a chegada dos socialistas ao goberno e os efectos do Tratado de Adhesión á Comunidade Económica Europea. (5 puntos)

Doc. 1. Bando de Milans do Bosch, declarando o estado de excepción na III Rexión militar, 23 febreiro de 1981:

“Ante os acontecementos que se están desenvolvendo nestes momentos na Capital de España e conseguinte baleiro de poder, é o meu deber garantir a orde na Rexión do meu mando en tanto se reciban as correspondentes instrucións que dite S.M. o Rei. En consecuencia DISPOÑO

Artigo 1º. Todo o persoal afecto aos Servizos Públicos de interese civil queda militarizado

Artigo 2º. Prohíbese o contacto coas Unidades Armadas por parte da poboación civil. As ditas unidades repelerán sen intimidación nin aviso previo todas as agresións que poidan sufrir, coa máxima enerxía”.

Doc. 2. Principais resultados das eleccións de 1982:

Partidos	Votos	% votos	escanos
Partido Socialista Obreiro Español	9.836.579	46,07	202
Alianza Popular	5.412.401	25,35	106
Unión de Centro Democrático	1.549.447	7,26	12
Convergència i Unió	794.554	3,73	12
Partido Comunista de España	824.978	3,87	4

Doc. 3. Acta das condicións de adhesión do reino de España á CEE, BOE 1 de xaneiro de 1986:

“Artigo 2. Desde o momento da adhesión, as disposicións dos Tratados orixinarios e os actos adoptados polas institucións das Comunidades antes da adhesión obrigarán aos novos estados membros.

Artículo 3. Os novos Estados membros adhírense, por medio da presente Acta, ás decisións e acordos adoptados polos representantes dos Gobernos dos Estados membros reunidos no seo do Consello.

Artigo 4. Os acordos ou convenios subscritos por unha das Comunidades cun ou varios terceiros Estados, unha organización internacional ou un nacional dun terceiro Estado serán vinculantes para os novos Estados membros”.

HISTORIA DE ESPAÑA

El examen consta de 4 preguntas de 5 puntos, de las que podrá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como quiera. Si responde a más preguntas de las permitidas, **solo se corregirán las DOS primeras respondidas**.

PREGUNTA 1. RESPONDA LOS DOS APARTADOS SIGUIENTES:

1.1. Defina brevemente cuatro de los ocho términos: (0,5 puntos por definición)

1. Guerras cántabras, 2. Mozárabe, 3. Gran Armada, 4. Motín de Esquilache,
5. Pronunciamiento, 6. Encasillado, 7. Desastre de Annual, 8. Brigadas Internacionales.

1.2. Desarrolle uno de los cuatro temas:

- 1.2.1. El Neolítico: características y cambios con respecto a la época Paleolítica. (3 puntos)
- 1.2.2. Los musulmanes en la Península Ibérica. (3 puntos)
- 1.2.3. La nueva monarquía de los Reyes Católicos. (3 puntos)
- 1.2.4. Economía y sociedad en la Galicia de los Austrias. (3 puntos)

PREGUNTA 2. ELABORE UNA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DE LOS TEXTOS PROPUESTOS.

Los siguientes textos deben permitirle hacer una redacción sobre el movimiento obrero. Teniendo en cuenta los documentos y su contexto, debe atender cuando menos a la expansión del movimiento obrero en el Sexenio, la creciente influencia de la AIT y los principios defendidos por las ideologías obreras anarquista e socialista. (5 puntos)

Doc. 1. Mensaje enviado por las asociaciones obreras de Cataluña al Tercer Congreso de la Asociación Internacional de Trabajadores de Bruselas en septiembre de 1868:

“Encadenadas después de largo tiempo por un poder despótico, las sociedades obreras de España envían un saludo cordial a sus hermanos del resto de España. El momento presente no es muy favorable a las asociaciones. No obstante [...] en Cataluña y en Andalucía las asociaciones obreras se desenvuelven poco a poco [...]. Los obreros españoles están dispuestos a luchar con sus hermanos contra esa formidable asociación del Ejército, del Trono y del Altar, para establecer al fin, sobre bases sólidas, la paz, la justicia y el trabajo”.

Doc. 2. Manifiesto de la Federación Regional Española a los trabajadores españoles, Madrid, 31/01/1872.

“Nuestro lema no puede ser más claro ni terminante:

NO MÁS DERECHOS SIN DEBERES; NO MÁS DEBERES SIN DERECHOS

O en otros términos: EL QUE QUIERA COMER QUE TRABAJE

Este es el socialismo que proclama la Internacional, cuyas dos afirmaciones principales son: en economía, el colectivismo; en política; la anarquía. El colectivismo, es decir, la propiedad común de los instrumentos del trabajo, utilización de los mismos por las colectividades obreras que los hagan directamente producir, y propiedad individual del fruto íntegro del trabajo de cada cual. La anarquía, es decir, la abolición de los gobiernos, o sea su conversión en simples administradores de los intereses colectivos”.

Doc. 3. Informe de la agrupación socialista madrileña ante la Comisión de Reformas Sociales, 1884.

“¿Queréis de buena fe favorecer a la clase trabajadora? Reconocedle los derechos políticos; permitidle la libre emisión de sus ideas, la asociación en defensa de sus intereses, la libre acción política, en una palabra. Reservaos en buena hora, el derecho de mantener por la fuerza el orden público. Nosotros, que sabemos que toda revolución va precedida de una evolución más o menos rápida, pero siempre larga, cuidaremos de no daros el gusto de que resolváis por la fuerza lo que no podéis alcanzar con la razón. Quedaremos citados para la batalla final. Entre tanto, viviremos dentro de la legalidad, limitada sólo por la necesidad del orden público; lucharemos pacíficamente en la prensa, en los comicios, en las asambleas. Compararemos pacíficamente intereses con intereses, doctrina con doctrina. Veremos cuáles triunfan en la opinión pública, en la conciencia social”.

PREGUNTA 3. ELABORE UNA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DE LOS TEXTOS PROPUESTOS.

Los siguientes textos deben permitirle hacer una redacción sobre las grandes reformas de la II República. Teniendo en cuenta los documentos y su contexto, debe atender cuando menos a las causas de la reforma militar, educativa y agraria, su desarrollo y efectos. (5 puntos)

Doc. 1. Ley de Retiro de la Oficialidad, 25 de abril de 1931:

“A propuesta del Ministro de la Guerra, el Gobierno provisional de la República decreta:

Artículo 1º. Se concede el pase a la situación de segunda reserva, con el mismo sueldo que disfruten en su empleo de la escala activa, a todos los Oficiales generales del Estado Mayor general, a los de la Guardia civil y Carabineros, y

a los de los Cuerpos de Alabarderos, jurídico militar, Intendencia, Intervención y Sanidad [...] que lo soliciten del Ministerio de la Guerra dentro de los treinta días siguientes al de la publicación de este Decreto.

Artículo 2º. Se concede el paso a la situación de retirado, con el mismo sueldo que disfruten actualmente en su empleo, y cualquiera que sean sus años de servicios, a todos los Jefes, Oficiales y asimilados, así en situación de actividad como en la de reserva retribuida de las distintas Armas y Cuerpos del Ejército [...], que lo soliciten del Ministerio de la Guerra dentro del plazo señalado”.

Doc. 2. Informe sobre las Misiones Pedagógicas:

“La Misión desenvuelve su programa en forma de reuniones culturales públicas en la escuela, en otra sala o en la plaza y a horas compatibles con el trabajo local, en una o varias sesiones diarias, desarrollando en charlas sencillas amplios temas de interés general humano, [...] audiciones musicales comentadas, y conferencias y conversaciones sobre educación ciudadana, desenvueltas al margen de toda intención partidista, en un plano de limpieza, con el fin primordial de difundir ideas acerca de la cultura política actual, el espíritu de la República y el conocimiento de la Constitución. Paralelamente a esta actuación cultural, la Misión cumple otra finalidad estrictamente pedagógica: visita las escuelas, desarrolla con los niños lecciones, cantos, juegos, excursiones, en colaboración con los maestros”.

Doc. 3. Balance de la reforma agraria según el ingeniero agrónomo Pascual Carrión, uno de sus promotores:

“Hasta el 31 de diciembre de 1933, es decir, quince meses después de ser promulgada la *Ley de Reforma Agraria*, sólo se habían ocupado 24.203 hectáreas en las que se asentaron 2.500 campesinos, cantidad como vemos insignificante al lado de los planes que propuso la comisión técnica de asentar de 60.000 a 75.000 campesinos anualmente que, en los dos años transcurridos desde la presentación del proyecto, debían haberse colocado por lo menos 150.000 campesinos. [...] Como vemos, la labor realizada fue muy modesta y ni siquiera se ocuparon gran parte de las fincas de los grandes de España, que sumaban 562.528 hectáreas”.

PREGUNTA 4. ELABORE UNA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DE LOS TEXTOS PROPUESTOS.

Los siguientes textos deben permitirle hacer una redacción sobre la consolidación de la democracia. Teniendo en cuenta los documentos y su contexto, debe atender cuando menos a las causas del golpe de estado del 23-F, los factores que favorecieron la llegada de los socialistas al gobierno y los efectos del Tratado de Adhesión a la Comunidad Económica Europea. (5 puntos)

Doc. 1. Bando de Milans del Bosch, declarando el estado de excepción en la III Región militar, 23 febrero de 1981:

“Ante los acontecimientos que se están desarrollando en estos momentos en la Capital de España y consiguiente vacío de poder, es mi deber garantizar el orden en la Región de mi mando en tanto se reciban las correspondientes instrucciones que dicte S.M. el Rey. En consecuencia DISPONGO

Artículo 1º. Todo el personal afecto a los Servicios Públicos de interés civil queda militarizado

Artículo 2º. Se prohíbe el contacto con las Unidades Armadas por parte de la población civil. Dichas unidades repelerán sin intimidación ni aviso previo todas las agresiones que puedan sufrir, con la máxima energía”.

Doc. 2. Principales resultados de las elecciones de 1982:

Partidos	votos	% votos	escaños
Partido socialista obrero español	9.836.579	46,07	202
Alianza Popular	5.412.401	25,35	106
Unión de Centro Democrático	1.549.447	7,26	12
Convergència i Unió	794.554	3,73	12
Partido comunista de España	824.978	3,87	4

Doc. 3. Acta de las condiciones de adhesión del reino de España a la CEE, BOE 1 de enero de 1986:

“Artículo 2. Desde el momento de la adhesión, las disposiciones de los Tratados originarios y los actos adoptados por las instituciones de las Comunidades antes de la adhesión obligarán a los nuevos estados miembros.

Artículo 3. Los nuevos Estados miembros se adhieren, por medio de la presente Acta, a las decisiones y acuerdos adoptados por los representantes de los Gobiernos de los Estados miembros reunidos en el seno del Consejo.

Artículo 4. Los acuerdos o convenios suscritos por una de las Comunidades con uno o varios terceros Estados, una organización internacional o un nacional de un tercer Estado serán vinculantes para los nuevos Estados miembros”.